



“Comprender” a arte implica un **diálogo persoal e íntimo coa obra**. Consiste en dotar de significado os estímulos xerados pola súa contemplación, aínda que ás veces non poidan explicarse verbalmente. Así o primeiro elemento para interpretar unha obra de arte, é o gusto, **a emoción, a percepción inicial e logo vén a explicación, o concepto** (os nosos coñecementos artísticos) **do percibido**.

A OBRA.-

a composición.- (a orde e a distribución dos elementos plásticos)

Unha pintura **é unha representación de algo concentrado nun espazo** (todo aquilo que se sitúa no interior do límite imposto polo marco dun lenzo ou un retablo, e as distintas relacións que se establecen entre os elementos neles representados).

- o primeiro que vemos nunha pintura é o **equilibrio** que logra cos seus elementos
- as **direccións que nos propón levar a mirada**

o contido .-

Toda obra de arte **ten algo para dicir**, para iso debe de ir mais alá do obvio, hai que buscar o significado de cada elemento proposto. Debemos transcender do meramente visual:

- o **nome** da obra, que nos transmite?
- a súa **mensaxe**: os sentimentos ou pensamentos que comunica. **Son elementos fundamentais para esta interpretación** (en contexto, non separados):
 - **as formas. As proporcións.**
 - **Luz / sombra**
 - **a cor.** (relaciónase coas nosas emocións)
 - **as texturas** (Sensación que produce a superficie, xa sexa real (pódese tocar) ou suxerida (“textura visual”))
 - **o movemento** (**sensación estática**: estrutura na que predominan a verticalidade e a horizontalidade. Son simétricas. Cromaticamente predominio dos tons fríos (azuis, lilas, etc.); **sensación dinámica**: estruturadas en liñas oblicuas ou curvas que provocan a impresión de desequilibrio. Son asimétricas. Cromaticamente os tons cálidos asóciase a percepcións de axitación (vermello, laranxa etc.))

O AUTOR.-

o estilo da pintura.-

O selo do artista (biográfico ou técnico: como **transforma o artista ou artesán a materia ou materiais** cos que está feita a obra). E moitas veces do **momento histórico**: **a idea de beleza de determinado momento histórico**, a súa forma de vida, ideais, pensamentos, etc.. Ollar a obra as veces que necesitamos ata atopar o que quere dicirnos o artista.

O RECEPTOR.-

Mirar un cadro é **interpretar**. Toda obra de arte di algo **ao que quere entender**. Ao espectador corresponde o ser capaz de ver que quere transmitir na súa obra o artista. Comprender o que unha obra de arte lle di a un é un **encuentro consigo mesmo**”.

(Adaptación de <https://laplumadeoro.com/2017/03/13/interpretar-una-obra-arte/>)